

Sr. Alcalde, señoras e señores concelleiros

As redes de telefonía móbil tiveron un crecemento e un despregamento sen medida nos últimos anos, realizado cun cúmulo de irregularidades urbanísticas e legais que en Ferrol afectan a unha gran maioría de instalacións, posto que carecen das necesarias licenzas urbanísticas e ambientais. A proliferación caótica e descontrolada de antenas provocou un aumento significativo da contaminación electromagnética e dos riscos ambientais e sanitarios asociados.

Durante os últimos seis anos, veciños de **Canido, Esteiro, Caranza, Barrio da Magdalena e Ensanches** presentaron denuncias ante este concello en contra da localización ilegal destas instalacións por incumprimento da ordenanza municipal reguladora de telecomunicacións. A pesar deste feito, os veciños vemos como se retarda no tempo a actuación municipal neste sentido

Actualmente as operadoras intentan superar a situación de “rexeitamento social” ao despregamento das antenas con novas estratexias de camuflaxe. A estratexia de colocación de picoantenas camufladas a nivel de rúa afecta especialmente aos peóns e comercios e contamina rúas enteiras (as antenas sobre os tellados afectan especialmente aos pisos superiores e aos lindeiros). En Ferrol están proliferando as picoantenas como a detectada na rúa Real 196-98 , así como a ampliación con novos elementos radiantes en antenas declaradas ilegais polo concello de Ferrol.

En relación aos veciños lindeiros, non ignoramos que xa se deu algunha sentenza de inmisión nas casas fronte a transformadores, na que o Xuíz establece que primeiro son os dereitos dos veciños fronte aos das compañías. Aparte do Real Decreto 1066/2001, que regula este tipo de emisións, existen dereitos constitucionais como a integridade física , a inviolabilidade do fogar , a propiedade privada, etc., que poden estar sendo violados e poderían invocarse ante os Tribunais de Xustiza.

Por outra banda, veciños e asociacións de afectados por CEM de todo o estado español levamos anos pedindo ao Goberno a derogación do Real Decreto 1066/2001 que só contempla os efectos térmicos das ondas emitidas polas antenas de telefonía e os seus terminais os móbiles seguindo as directrices do ICNRIP . O mesmo ocorre noutros países europeos.

A día de hoxe, pasou o tempo suficiente para replicar estudos que xa confirmaran, fai 30 anos, outros efectos (os efectos non térmicos ou biolóxicos) das emisións de hiperfrecuencias de microondas pulsadas sobre a saúde das persoas.

Existen, desde o ano 2004 e ata o 2008 ,estudos epidemiolóxicos que mostran unha alta incidencia de cancro entre as persoas residentes na área de influencia de instalacións de telefonía móbil coincidentes cunha preocupante realidade: **as noticias de prensa sobre a aparición de clusters de cancro na contorna de instalacións de telefonía móbil que non só son noticia en**

Ferrol senón que son de ámbito estatal e internacional facilmente comprobábeis nas páxinas de afectados dispoñibles en Internet.

Hoxe en día o consenso científico independente internacional considera que as antenas non deben exceder os 0,6 voltios/metro de densidade de potencia e han de estar afastadas 600 metros de calquera lugar de vida xa que as altas frecuencias utilizadas por esta tecnoloxía son pulsadas a Moi Baixas Frecuencias de 217, 2 e 8 hertzios respectivamente. As Baixas Frecuencias foron declaradas pola OMS posiblemente canceríxenas, tipo 2B.

Hai moitos exemplos do pasado que nos ensinaron como, por non aplicar o principio de precaución a tempo, producíronse danos irreversibles na saúde das persoas e do medio ambiente. Xa é hora de aplicar medidas preventivas e proporcionadas (como revisar o uso dos móbiles polos nenos, aplicar unha moratoria para o WiFi, rebaixar miles de veces os niveis establecidos pola ICNIRP ou revisar a localización de antenas de telefonía móbil en zonas residenciais, transformadores e LAT para evitar posibles ameazas para a saúde, derivadas dos campos electromagnéticos. Recordamos que o principio de precaución é un dos principios da política ambiental da UE. Os veciños esiximos ao Concello de Ferrol que tome medidas: que poña as antenas en chan público, que as afaste dos domicilios, dos colexios e dos centros considerados sensibles, que sancione duramente ás instaladas de forma ilegal con nocturnidade, e sen permisos nin controis.

Os veciños de Ferrol esiximos zonas libre de radiación, denominadas Zonas Brancas, e un sistema de medición de contaminación electromagnética que indique en cada momento que as emisións non superan os 0,1 microwatios/cm²

En definitiva facer compatibles o dereito á saúde dos cidadáns, desde o principio de máxima prevención, co dereito de acceso ás novas tecnoloxías da comunicación e o seu desenvolvemento futuro. Existe tecnoloxía para facelo posible.

Moitas grazas a todos

Ferrol, 24 de abril de 2008